

ANEXO VI

Complemento específico dos membros da carreira fiscal por responsabilidade e penosidade

	Contías mensuais en euros	
	Por responsabilidade	Por penosidade
Fiscal xefe de Tribunal Superior de Xustiza	312,32	—
Tenente fiscal de Tribunal Superior de Xustiza	186,19	—
Fiscal xefe de Audiencia Provincial	232,80	—
Tenente fiscal de Audiencia Provincial	91,05	—
Tenente fiscal ante a Audiencia Nacional	138,14	509,32
Fiscais da Audiencia Nacional	—	509,32
Tenente fiscal ante o Tribunal Constitucional	258,26	389,20
Tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado	138,14	293,10
Fiscais inspectores da Fiscalía Xeral do Estado	108,11	293,10
Fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado	91,05	293,10
Tenente fiscal da Fiscalía Especial de Prevención e Represión de Tráfico Ilegal de Drogas, Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Prevención e Represión de Tráfico Ilegal de Drogas	138,14	509,32
Tenente fiscal da Fiscalía Especial de Represión de Delictos Económicos relacionados coa Corrupción	—	509,32
Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Represión de Delictos Económicos relacionados coa Corrupción	138,14	509,32
Tenente fiscal ante o Tribunal de Contas	—	509,32
Fiscais ante o Tribunal de Contas	138,14	293,10
Fiscais coordinadores	—	293,10
Fiscais do Tribunal Supremo	91,05	—
Fiscais ante o Tribunal Constitucional	252,25	389,20
	252,25	389,20

10525 *CORRECCIÓN de erros da Lei 6/2003, do 27 de marzo, pola que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 64.283.447,91 euros, para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servicios, gastos financeiros, transferencias correntes e investimentos reais do Ministerio do Interior. («BOE» 126, do 27-5-2003.)*

Advertido un erro na Lei 6/2003, do 27 de marzo, pola que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 64.283.447,91 euros, para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servicios, gastos financeiros, transferencias correntes e investimentos reais do Ministerio do Interior, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do día 1 de abril de 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 962, segunda columna, no anexo, antes da liña «Artigo 39. Obrigas de exercicios anteriores», debe aparece-la seguinte rúbrica: «Programa 223.A: "Protección Civil"».

10614 *LEI ORGÁNICA 5/2003, do 27 de maio, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial; a Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, e a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial. («BOE» 127, do 28-5-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, configura os xuíces de vixilancia penitenciaria como os órganos xurisdiccionais ós que lles corresponde asegura-lo cumprimento das penas e controla-las diversas situacións que se poden producir no cumprimento daquelas, así como das decisións que sobre a dita execución pode adopta-la Administración penitenciaria.

Esta atribución de competencias supuxo o sometemento pleno á revisión e ó control xurisdiccional do conxunto das actuacións que se poden dar no cumprimento das penas, co que se completa, en termos xurídicos, a totalidade das facetas que compoñen moderadamente a política criminal, que quedan así baixo o control xurisdiccional.

Pola súa parte, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, configura a Audiencia Nacional como un órgano con competencias específicas e a esencia do cal é o establecemento dun órgano que poida instruír e axuizar determinados asuntos que, polas súas especiais características de proxección territorial, complexidade na súa realización, organización concertada para aquela ou pola súa repercusión social, así o xustifiquen.

Coa creación deste tribunal e o funcionamento dos distintos órganos xudiciais que o integran conseguiuase unha situación de maior eficacia e operatividade na represión dos delictos dos que se lles atribuíu a competencia.

Non obstante o anterior, a limitación das competencias do citado órgano xurisdiccional á instrución e axuizamento dos delictos e, en especial, a desconexión entre aquelas funcións xudiciais e as de execución das penas impostas pode estar a producir na actualidade unha disociación non desexada que menoscaba a eficacia xeral da política criminal.

Para aborda-la situación descrita faise preciso crea-los xulgados centrais de vixilancia penitenciaria co fin de conseguir unha unificación de criterios no marco do con-

trol das penas no ámbito dos delitos instruídos e axuízados pola Audiencia Nacional. Con esta medida téntase evita-la disfunción que se podería ocasionar entre a centralización da instrución e o axuízamento que corresponde ós órganos xurisdiccionais da Audiencia Nacional e o control da execución das sentencias polos xuíces de vixilancia penitenciaria nun ámbito e xurisdicción diferente á que constitúe o citado tribunal.

Este texto normativo estrutúrase nun primeiro artigo no que se conteñen tódalas modificacións que afectan a Lei orgánica do Poder Xudicial, un artigo segundo no que se recolle a modificación que afecta a Lei orgánica xeral penitenciaria e un artigo terceiro no que se detallan as modificacións introducidas na Lei de demarcación e de planta xudicial, co fin de conseguir que nunha mesma iniciativa lexislativa se aborden tódalas modificacións necesarias para conseguirla implantación máis rápida posible dos xulgados centrais de vixilancia penitenciaria que se crean.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

Modifícanse os artigos 65, 82, 94 e a disposición adicional quinta da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, nos seguintes termos:

Un. Modifícase a redacción orixinaria do artigo 65, introducíndose un novo número 6.º e pasando o actual número 6.º a se-lo número 7.º, quedando redactado da seguinte forma:

«6.º Dos recursos contra as resolucións dictadas polos xulgados centrais de vixilancia penitenciaria de conformidade co previsto na disposición adicional quinta.»

Dous. O parágrafo 3.º do número 1 do artigo 82 queda redactado da forma seguinte:

«3.º Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións dos xulgados de vixilancia penitenciaria, cando a competencia non corresponda á Sala do Penal da Audiencia Nacional.»

Tres. Modifícase a redacción orixinaria do artigo 94, introducíndose un novo número, que será o 4, pasando o actual número 4 a se-lo número 5, co contido que a seguir se recolle:

«4. Na vila de Madrid, con xurisdicción en toda España, haberá un ou varios xulgados centrais de vixilancia penitenciaria que terán as funcións xurisdiccionais previstas na Lei xeral penitenciaria, descritas no número 1 deste artigo, e demais que sinale a lei, en relación cos delitos competencia da Audiencia Nacional. En todo caso, a competencia destes xulgados centrais será preferente e excluínte cando o penado cumpra tamén outras condenas que non fosen impostas pola Audiencia Nacional.»

Catro. A disposición adicional quinta terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta.

1. O recurso de reforma poderase interpor contra tódolos autos do xuíz de vixilancia penitenciaria.

2. As resolucións do xuíz de vixilancia penitenciaria en materia de execución de penas serán susceptibles de recurso en apelación e queixa ante o tribunal sentenciador, excepto se se dictaron resolvendo un recurso de apelación contra unha resolución administrativa que non se refira á clasificación do penado.

No caso de que o penado se ache cumprindo varias penas, a competencia para resolve-lo recurso corresponderá ó xulgado ou tribunal que impuxese a pena privativa de liberdade máis grave, e no suposto de que coincida que varios xulgados ou tribunais tivesen imposto pena de igual gravidade, a competencia corresponderá ó que deles a tivese imposto en último lugar.

3. As resolucións do xuíz de vixilancia penitenciaria no referente ó réxime penitenciario e demais materias non comprendidas no número anterior serán susceptibles de recurso en apelación ou queixa sempre que non se dictasen resolvendo un recurso de apelación contra unha resolución administrativa. Coñecerá da apelación ou da queixa a Audiencia Provincial que corresponda, por estar situado dentro da súa demarcación o establecemento penitenciario.

4. O recurso de queixa a que se refiren os números anteriores soamente se poderá interpor contra as resolucións en que se denegue a admisión dun recurso de apelación.

5. Cando quen dictase a resolución impugnada sexa un xulgado central de vixilancia penitenciaria, tanto en materia de execución de penas como de réxime penitenciario e demais materias, a competencia para coñecer do recurso de apelación e queixa, sempre que non se dictase resolvendo un recurso de apelación contra unha resolución administrativa, corresponderá á Sala do Penal da Audiencia Nacional.

6. Contra o auto polo que se determine o máximo de cumprimento ou se denegue a súa fixación, caberá recurso de casación por infracción de lei ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo, que se substanciará conforme o establecido na Lei de axuízamento criminal.

7. Contra os autos das audiencias provinciais e, se for o caso, da Audiencia Nacional, de resolución de recursos de apelación, que non sexan susceptibles de casación ordinaria, poderán interpor, o Ministerio Fiscal e o letrado do penado, recurso de casación para a unificación de doutrina ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo, o cal se substanciará conforme o establecido na Lei de axuízamento criminal para o recurso de casación ordinario, coas particularidades que deriven da súa finalidade. Os pronunciamentos do Tribunal Supremo ó resolve-los recursos de casación para a unificación de doutrina en ningún caso afectarán as situacións xurídicas creadas polas sentencias precedentes á impugnada.

8. O recurso de apelación a que se refire esta disposición tramitarase conforme o disposto na Lei de axuízamento criminal para o procedemento abreviado. Estarán lexitimados para interpolo o Ministerio Fiscal e o interno ou liberado condicional. No recurso de apelación será necesaria a defensa de letrado e, se non se designa procurador, o avogado terá tamén habilitación legal para a representación do seu defendido. En todo caso, debe quedar garantido sempre o dereito á defensa dos internos nas súas reclamacións xudiciais.

9. Naquelas audiencias onde haxa máis dunha sección, mediante as normas de repartición, atribuirase o coñecemento dos recursos que lles correspondan segundo esta disposición, con carácter exclusivo, a unha ou dúas seccións.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.*

Modifícase a redacción orixinaria do artigo 76, número 2, alínea h) nos seguintes termos:

«h) Realiza-las visitas ós establecementos penitenciarios que prevé a Lei de axuízamento criminal, podendo o xuíz central de vixilancia penitenciaria pedir para o exercicio da dita función o auxilio xudicial dos xuíces de vixilancia penitenciaria do lugar no que estea o establecemento que vai ser visitado.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.*

Modifícase a redacción orixinaria dos artigos 1, 6 e 18 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

Un . Modifícase o artigo 1, que queda redactado da seguinte maneira:

«O Tribunal Supremo, a Audiencia Nacional, os xulgados centrais de instrucción, os xulgados centrais do penal, os xulgados centrais do contencioso-administrativo, os xulgados centrais de vixilancia

penitenciaria e o Xulgado Central de Menores teñen xurisdicción en toda España.»

Dous. Modifícase o artigo 6, que queda redactado da seguinte maneira:

«O Tribunal Supremo, a Audiencia Nacional, os xulgados centrais de instrucción, os xulgados centrais do penal, os xulgados centrais do contencioso-administrativo, os xulgados centrais de vixilancia penitenciaria e o Xulgado Central de Menores teñen a súa sede na vila de Madrid.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 18, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A planta dos xulgados centrais de vixilancia penitenciaria e dos xulgados de vixilancia penitenciaria, en réxime de exclusividade de funcións, ou compatibilizando coas da orde de xurisdicción penal, é a establecida no anexo X desta lei.»

Catro. Modifícase, parcialmente, o anexo X da Lei 38/1988, do 28 de decembro, nos seguintes termos:

«ANEXO X

Xulgados de vixilancia penitenciaria

	Número Xulgados Vixilancia Penitenciaria	Número Xulgado Penal Ordinario	Con xurisdicción nas provincias
Andalucía	2 4 3	— — —	Cádiz. Málaga, Granada, Jaén e Almería. Sevilla, Huelva e Córdoba.
Aragón	1	—	Zaragoza, Huesca e Teruel.
Principado de Asturias	1	—	Ámbito da provincia.
Illes Balears	1	—	Ámbito da provincia.
Canarias	1 1	— —	Las Palmas. Santa Cruz de Tenerife.
Cantabria	—	1	Ámbito da provincia.
Castilla y León	1 2	— —	Burgos, Soria e Palencia. Zamora, Valladolid, Segovia, Ávila, León e Salamanca.
Castilla La Mancha	1 1	— —	Ciudad Real e Albacete. Toledo, Cuenca e Guadalajara.
Cataluña	3 1	— —	Barcelona e Girona. Lleida e Tarragona.
Comunidade Valenciana	1 1	— —	Alicante/Alacant. Valencia/València e Castellón/Castelló.
Extremadura	1	—	Cáceres e Badajoz.
Galicia	2	—	A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
Madrid	3	—	Ámbito da provincia.
Murcia	1	—	Ámbito da provincia.
Navarra	—	1	Ámbito da provincia.
País Vasco	1	—	Araba, Gipúzkoa e Biscaia.
La Rioja	—	1	Ámbito da provincia.
Cidade de Ceuta	1	—	Ámbito da cidade.
Cidade de Melilla	—	1	Ámbito da cidade.
Xulgado Central de Vixilancia Penitenciaria	—	1	Ámbito nacional.
Total	34	5»	

Disposición adicional única. *Modificación da Lei de axuízamento criminal.*

Un. Modifícase o número 1 do artigo 962 da Lei de axuízamento criminal, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando a policía xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de falta tipificada nos artigos 617 ou 620 do Código penal, sempre que o ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 153 do mesmo código, así como no artigo 623.1 do Código penal cando sexa flagrante, o axuízamento do cal corresponda ó xulgado de instrución ó que se debe entrega-lo atestado ou a outro do mesmo partido xudicial, procederá de forma inmediata a citar ante o xulgado de garda as persoas indicadas nos ordinais 3.^a e 4.^a do artigo 796. Ó face-la dita citación aperciбирase as persoas citadas das respectivas consecuencias de non compareceren ante o xulgado de garda. Así mesmo, serán aperciбidas de que se poderá celebra-lo xuízo de faltas de forma inmediata no xulgado de garda, mesmo que non comparezan, e de que deben comparecer cos medios de proba de que se tenten valer. O denunciante e o ofendido ou prexudicado serán informados dos seus dereitos nos termos previstos nos artigos 109, 110 e 967.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 962 da Lei de axuízamento criminal, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A persoa denunciada será informada sucintamente dos feitos en que consista a denuncia e do dereito que a asiste de comparecer asistida de avogado. Esta información practícarase, en todo caso, por escrito.»

Tres. Suprímese o número 2 do artigo 963 da Lei de axuízamento criminal, pasando o número 3 deste mesmo precepto a constituí-lo número 2.

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 964 da Lei de axuízamento criminal, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Nos supostos non previstos polo artigo 962, cando a policía xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de falta tipificada no libro III do Código penal ou en leis especiais, formará de maneira inmediata o correspondente atestado, que remitirá sen dilación ó xulgado de garda. Este atestado recollerá as dilixencias practicadas, así como o ofrecemento de accións ó ofendido ou prexudicado, practicado conforme os artigos 109, 110 e 967.»

Disposición derradeira primeira. *Carácter da lei.*

O artigo terceiro e a disposición adicional única desta lei orgánica teñen carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10621 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 373/2003, do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola.* («BOE» 127, do 28-5-2003.)

Advertido erro no Real decreto 373/2003, do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 7 en lingua galega, do 1 de maio 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 1059, segunda columna, no anexo I, Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, onde di: «Albacete... 27 hl/ha», debe dicir: «Albacete... 28 hl/ha»; e onde di: «Ciudad Real... 29 hl/ha», debe dicir: «Ciudad Real... 30 hl/ha».

XEFATURA DO ESTADO

10715 *LEI 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.* («BOE» 128, do 29-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española de 1978, no seu artigo 41, afirma que os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para tódolos cidadáns que garanta a asistencia e as prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade; así mesmo, no seu artigo 43 recoñece o dereito á protección da saúde e encoméndalles ós poderes públicos organizar e tutela-la saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

Igualmente, o artigo 38.1.a) da Lei xeral da Seguridade Social inclúe dentro da acción protectora do ámbito da Seguridade Social «a asistencia sanitaria nos casos de maternidade, de enfermidade común ou profesional e de accidentes, sexan ou non de traballo».

Por outra parte, o título VIII do texto constitucional deseñou unha nova organización territorial do Estado que posibilitaba a asunción polas comunidades autónomas de competencias en materia de sanidade, reservando para aquel a regulación das bases e a coordinación xeral da sanidade.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, deu resposta e desenvolvemento a estas previsións constitucionais, establecendo os principios e criterios substitutivos que permitiron configura-lo Sistema Nacional de Saúde: o carácter público e a universalidade e gratuidade do sistema; a definición dos dereitos e deberes de cidadáns e poderes públicos neste ámbito; a descentralización política da sanidade; a integración das dife-